

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PEONIL NA ANTIGA N-634.

Santiago de Compostela, de de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Manuel Ángel Otero Legide, na súa condición de alcalde do Concello de Mondoñedo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense a calidade na que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A peregrinación a Santiago de Compostela é unha tradición milenaria que se ten recuperado nos últimos anos como referente cultural e turístico.

Xunto co Camiño Francés, a Ruta da Prata e o Camiño Inglés o Camiño do Norte é un dos máis concorridos dos camiños que levan a Santiago de Compostela. Esta ruta comezou a adquirir



relevancia na Idade Media cando as peregrinacións marítimas atoparon o seu apoxeo. O camiño transita pola costa asturiana e entra en Galicia pola Ría de Ribadeo, na provincia de Lugo. O camiño percorre por terras galegas un total de 189 km.

O Camiño do Norte foi recoñecido en 2015 como Patrimonio de Humanidade pola UNESCO, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural. Ademais do patrimonio arquitectónico neste camiño atopasen paisaxes considerados Reserva da Biosfera.

Segundo. O Concello de Mondoñedo atópase na ruta do Camiño do Norte. O último tramo da antiga N-634, de titularidade municipal, é o treito inmediatamente anterior á entrada na zona urbana de Mondoñedo e carece de beirarrúas, beiravías e iluminación pública.

A marxe sur da N-634 ten unha zona pavimentada con formigón desactivado de 1,7 m de ancho e 75 m de lonxitude. O resto do traxecto cara Mondoñedo faise polo terreo que hai xunto a beiravía.

A marxe norte da N-634 non ten ningún acondicionamento e carece de beiravías e de beirarrúas. Os veciños e peregrinos circulan polas marxes da estrada, cando hai espazo, ou pola propia calzada de non habelo. Persoas e vehículos deben compartir espazo.

O último tramo da N-634 non ten iluminación pública ata que non acada a zona urbana. As vivendas que hai nas súas beiras teñen un punto de luz nas fachadas que resulta insuficiente para os viandantes.

As condicións descritas no último tramo da N-634 antes de acceder ao núcleo urbano de Mondoñedo, e especialmente na súa marxe norte, non son as axeitadas para garantir un tránsito peonil seguro.

Os obxectivos que se pretenden acadar coas obras proxectadas son unha mellora da seguridade viaria en xeral e, en particular, orientada ao tránsito peonil, xa sexan habitantes e veciños como peregrinos usuarios do Camiño do Norte para converter esta antiga estrada, destinada a vehículos, nun acceso a Mondoñedo polivalente onde as persoas teñan o protagonismo que se merecen.

Terceiro. A Axencia Turismo de Galicia, de acordo co establecido no artigo 9.i) do Decreto 196/2012, de 27 de setembro, polo que se crea e se aproban os seus estatutos, ten entre as súas competencias e funcións a de dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, o mantemento e conservación dos distintos camiños e a súa sinalización así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.



Entre os obxectivos da Axencia Galega de Infraestruturas, de conformidade co artigo 1.3) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproban os seus estatutos están os de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Para tales efectos, correspóndelle planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo, tratan de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía, xa sexan veciños ou usuarios ocasionais como son os peregrinos.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. O tramo no que se proxectan as obras carece de beiravías e beirarrúas e tamén de iluminación pública, características que fan que o tramo resulte perigoso para os desprazamentos a pé. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello da Mondoñedo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, conxuntamente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas e da Axencia Turismo de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración activa entre as administracións competentes nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da



Mondoñedo para a mellora da seguridade viaria no último tramo da antiga N-634, no Camiño Norte e treito inmediatamente anterior á entrada na zona urbana de Mondoñedo que carece de beirarrúas, beiravías e iluminación pública.

As actuacións a realizar serán as seguintes:

- Ampliación da explanada, para o que son necesarios muros de perpiaño.
- Canalizacións de drenaxe e alumeado.
- Ampliación de obras de drenaxe transversal (ODT) existentes.
- Pavimentación de beiravía en aglomerado e beirarrúa en formigón desactivado.
- Iluminación.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 261.939,87 € (IVE incluído), co detalle que se establece no anexo a este convenio e do cal forma parte.

O orzamento anterior será financiado polas partes conforme ao seguinte reparto:

-Anualidade 2022: 157.163,92 €

-Anualidade 2023: 104.775,95 €

A través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiamento ata un máximo de **CENTO TRINTA MIL NOVECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.969,94 €)**, con cargo á partida orzamentaria 09 A1 512B 760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da axencia para os anos 2022 e 2023, de acordo co seguinte desagregamento:

- Anualidade 2022: 78.581,96 €

- Anualidade 2023: 52.387,98 €

A través da Axencia Turismo de Galicia asume o compromiso de financiar as obras destinado un máximo de **CENTO TRINTA MIL NOVECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (130.969,93 €)**, con cargo á partida orzamentaria 05.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, dos orzamentos da axencia para os anos 2022 e 2023, de acordo co seguinte desagregamento:



- Anualidade 2022: 78.581,96 €

- Anualidade 2023: 52.387,97 €

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta. – Compromiso das partes.

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas, ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 21.22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo DE 2021).
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula segunda.
4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia Turismo de Galicia. Tamén se compromete



- a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
 7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e Axencia Turismo de Galicia, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
 8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia Turismo de Galicia a data de recepción das obras para os efectos de que poidan enviar un representante se así o estiman oportuno.
 9. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade–Axencia Galega de Infraestruturas e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo–Axencia Turismo de Galicia) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:





2.- . A Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia Turismo de Galicia comprométense a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento da subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.



Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.



c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación e pagamento.

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Galega de Infraestruturas o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



No suposto de que o pagamento da subvención se realice como anticipo, na certificación expedida pola Secretaría da entidade local prevista no apartado 2.a) deberá substituírse a indicación da "data de recoñecemento da obriga polo órgano competente" pola "data de pagamento" das facturas ou documento equivalente en virtude da aplicación do disposto no artigo 3.2 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22.

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións urxentes e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.



- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2022 e 2023. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 15 de decembro de 2022 para a anualidade 2022 e o 15 de decembro de 2023 para a anualidade 2023 .

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega de Infraestruturas, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. Poderá solicitar ao concello toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio. Posteriormente remitiralle á Axencia de Turismo de Galicia unha certificación da realización do obxecto do convenio e de que os fondos se destinaron ao financiamento das accións descritas nel a efectos de que as partes podan proceder ao pagamento da subvención.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.

Novena .- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da anualidade, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da



Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.



Décimo segunda.-Comisión de seguimento.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante da Axencia Turismo de Galicia e un representante do Concello de Mondoñedo.

A comisión terá como cometido:

- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

A comisión poderá reunirse as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula segunda.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.



c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Décimo cuarta.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdicional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.



En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas e a Axencia Turismo de Galicia publicarán no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décimo oitava.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios



electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2023.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas

O presidente da Axencia
Turismo de Galicia

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello
de Mondoñedo

Manuel Ángel Otero Legide



ANEXO ORZAMENTO

01 ACTUACIÓNS PREVIAS.....	4.085,81 €
02 MOVEMENTO DE TERRAS.....	24.082,12 €
03 REDE DE PLUVIAIS	41.091,79 €
04 REDE DE ALUMEADO.....	40.345,23 €
05 FIRMES E PAVIMENTOS.....	60.901,10 €
06 REPOSICIÓNS E OUTROS.....	8.750,64 €
07 SEGURIDADE E SAÚDE.....	1.800,00 €
08 XESTIÓN DE RESIDUOS.....	858,63 €
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL.....	181.915,32 €
13,00 % Gastos xerais.....	23.648,99 €
6,00 % Beneficio industrial.....	10.914,92 €
SUMA DE G.X. e B.I.....	34.563,91 €
TOTAL VALOR ESTIMADO.....	216.479,23 €
21,00 % I.V.E.....	45.460,64 €
TOTAL PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	261.939,87 €
TOTAL PRESUPOSTO XERAL.....	261.939,87 €

